

FOLLA DE IDENTIFICACIÓN DA PROBA ESCRITA

Lugar da proba:		Data:		Nivel:	CELGA 2
-----------------	--	-------	--	--------	----------------

DATOS DA PERSOA CANDIDATA:

Apelidos e nome:					
DNI / NIE / Pasaporte:		Nacionalidade:			
Data de nacemento:	___ / ___ / _____		Sexo:	home ☐	muller ☐
Lugar de nacemento:	☐ Galicia ☐ Outras rexións de España ☐ Europa ☐ América ☐ África ☐ Asia ☐ Oceanía				
Lugar de residencia:	☐ Cidade ☐ Vila ☐ Aldea				
Tipo de estudos cursados:	☐ Universitarios ☐ Secundarios ☐ Primarios ☐ Sen estudos				

Estes datos serán totalmente confidenciais. Empregaranse só para efectuar a análise psicométrica das probas de avaliación.

INSTRUCCIÓNS PARA A PERSOA CANDIDATA:

- Lean detidamente as instrucións do exame antes de comezar a responder.
- Empreguen bolígrafo negro ou azul.
- Non se permite usar material de apoio.
- Adecúense á tarefa que se lles pide.
- Axústense ao número de palabras que se lles pide. Valorarase negativamente que non cheguen a ese número de palabras ou que se excedan demasiado.
- Non se lles proporcionará outro caderno de exame.
- Deben empregar as letras maiúsculas e as minúsculas segundo corresponda.
- Non utilicen o seu nome real no texto da proba nin marquen o exame con ningún sinal (por exemplo, non usen típex).
- Terán que entregar os borradores ao final da proba. Estes borradores destruíranse e en ningún caso se valorarán.
- Non adecuarse a estas normas pode supor a anulación do exame ou obter unha cualificación negativa nalgún dos parámetros de avaliación.

Celga

Certificado
Lingua
Galega

2

Proba A1

Vostede escoitou no programa de radio *Culturízate* unha nova sobre curtametraxes. Ten un amigo que está vivindo fóra e, como pensa que lle pode interesar, decide enviarlle unha mensaxe electrónica. Nesta **mensaxe**, de **200 palabras**, vostede debe:

- Explicarlle en que consiste a iniciativa e manifestar entusiasmo por unha das novidades introducidas este ano.
- Comentalle en que consisten as micromovies e as cápsulas.
- Informalo de como se pode participar, indicándolle cales son as tres condicións necesarias.
- Propoñerlle participar xuntos e contarlle brevemente unha historia curiosa que lle sucedeu a vostede que pode servir para o argumento.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

Proba A2

Vostede acaba de ler esta noticia nun xornal e pensa propoñer os autores desta iniciativa para os Premios Iniciativas Solidarias que outorga a Mancomunidade de Concellos de Arousa. Para isto, vai escribir unha **carta de 200 palabras**, dirixida á institución, na que debe:

- Explicar o motivo polo que lle escribe.
- Informar do obxectivo da iniciativa e das limitacións con que contan.
- Describir o centro, quen participou nos traballos e que tarefas realizaron.
- Emitir unha breve opinión a favor da candidatura ao premio.

PONTEVEDRA | Os veciños de Zacande (Meis) constrúen un centro sociocultural coas súas propias mans

Un lugar onde todos son albaneis

A.M.- Nos tempos de individualismo que corren, e nos que todas as persoas andan co tempo xusto, non é fácil ver algo como o que está sucedendo en Zacande. Os veciños deste lugar pertencente á parroquia de San Vicente de Nogueira, en Meis, querían un centro sociocultural, e en vez de esperar a que llelo fixese o Concello, a Deputación ou a Xunta de Galicia, puxéronse eles mesmos mans á obra.

Os habitantes de Zacande levan xa varios meses traballando, e de feito xa levantaron a planta baixa do edificio, pero como o teñen que facer todo nos momentos libres, os labores van amodo. No inverno só poden traballar durante as fins de semana, non obstante, na primavera e no verán tamén aproveitan algunha tarde laborable, posto que hai máis horas de luz.

Habilitaron unha planta de 200 metros cadrados para a celebración de reunións, de bailes e de espectáculos, e tamén queren construír dous

despachos para as asociacións de veciños e culturais que existen neste lugar.

Aínda que teñen moito traballo, pois a construción non é un oficio sinxelo e require esforzo físico, estas reunións tamén teñen un certo aire festivo. Homes, mulleres e rapaces comparten as tarefas e incluso preparan a comida e comen alí. Neste momento están levantando as paredes de ladrillo e terminando de colocar as pranchas da cuberta. Cómpre resaltar que a experiencia que teñen moitos dos voluntarios na construción axuda a levar a bo porto esta obra.

Os veciños si contan cunha axuda económica da Deputación de Pontevedra, pero esta limitase ao pagamento dos materiais. Na fase anterior dos traballos recibiron o apoio do Concello de Meis, mais tamén naquela ocasión se reducía ao pago do formigón e da ferralla, e ao aluguer das estadas e dos puntais. Todo o demais, o tempo libre, as ganas e a suor, pono a propia veciñanza.

Texto traducido e adaptado do
Faro de Vigo (16-3-2009)

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2